**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 26 de xuño de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
Dª. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

**NON ASISTEN:**

Dª. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e vintecinco minutos do día vinteseis de xuño de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(775).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 24 de abril e extraordinaria e urxente do 28 de abril de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

**2(776).- SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 176/2005 INTERPOSTO POR J. CARLOS LÓPEZ RIVADA E OUTROS CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO DESESTIMATORIA DE RECURSO CONTRA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO . DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que debemos desestimar e desestimamos o recurso de apelación interposto por JUAN CARLOS LÓPEZ RIBADA, ANTONIO ALEMPARTE E MARIA VICTORIA ROMERO GIL-DELGADO contra a sentenza de data trinta de decembro de dous mil catro dictada polo Xulado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo, sobre rectificación de complemento específico retributivo; impoñendo á parte apelante as costas desta alzada.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Persoal.

**3(777).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5080/2002 INTERPOSTO POR Dª. Mª OLVIDO SALINERO CUELLAR CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo do TSXG no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesal de Dª MARIA OLVIDO SALINERO CUELLAR contra a resolución do Concello de Vigo presuntamente desestimatoria por silencio administrativo da reclamación sobre responsabilidade patrimonial formulada pola actora en consecuencia da caída sofrida no oco de desaguamento ou imbornal, na rúa República Argentina da cidade de Vigo, por ser conforme a Dereito; sen custas..”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Departamento de Patrimonio e Contratación.

**4(778).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 413/05 INTERPOSTO POR Mª DEL CARMEN ALONSO MAGÁN CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA E POSTERIOR RESOLUCIÓN DE ESTIMACIÓN PARCIAL DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por MARIA DEL CARMEN ALONSO MAGÁN fronte ó CONCELLO DE VIGO contra a resolución arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, coa condena á Administración municipal demandada a aboarlle á actora, ademais da indemnización que xa se lle concedeu por Resolución expresa do 23.01.2006, a de 737,49 €, mais os intereses legais dende a data da reclamación, o día 02.02.2005, sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Tesourería.

**5(779).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 250/05 INTERPOSTO POR D. ENRIQUE VÁZQUEZ CALLEJO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO POR ESTACIONAMENTO EN ZONA DE CARGA E DESCARGA. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesal de ENRIQUE VAZQUEZ CALLEJO contra a Resolución do 01.04.05 do Concelleiro Delegado de Seguridade do Concello de Vigo desestimatoria do recurso de reposición interposto polo demandante contra a Resolución sancionadora dictada polo Concello no expediente nº 10401004009 pola que se impoñía unha multa de 92 € como responsable da infracción administrativa tipificada no artigo 91.2 do Regulamento Xeral da Circulación por estacionar en zona de carga e descarga, que se declara contraria a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

**6(780).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 500/05 INTERPOSTO POR MERCAGOL S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de MERCAGOL, S.A. fronte ó CONCELLO DE VIGO conta a Resolución do Concelleiro Delegado de Seguridade do 28.09.05 desestimatoria do recurso de reposición interposto por MERCAGOL S.A., contra a dictada no expediente sancionador número 10591041908 pola que se lle impón á empresa unha sanción de 301 € por considerala autora dunha infracción do artigo 723.LSV (falta de indentificación do conductor do seu vehículo), que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de costas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Tráfico e Seguridade.

**7(781).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 504/05 INTERPOSTO POR D. ANTONIO BORJA GARCÍA CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de ANTONIO BORJA GARCÍA fronte ó Concello de Vigo contra Resolución dictada polo Concelleiro Delegado de Seguridade do Concello do 24.08.05 desestimatoria de recurso de reposición interposto polo interesado contra a resolución sancionadora recaída no expediente número 10501065955 pola que se lle impón unha multa de 45 € por infracción do artigo 39.2.e) LSV por estacionar en zona prohibida, que se declara contraria a Dereito e déixase sen efecto, sen pronunciamento en materia de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Tráfico e Seguridade.

**8(782).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 159/2005 INTERPOSTO POR Dª. MANUELA DOMÍNGUEZ NOVOA CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. DE REPOSICIÓN CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de MANUELA DOMINGUEZ NOVOA fronte ó Concello de Vigo contra a Resolución arriba indicada, seguido como PROCESO ABREVIADO núm. 159/05, resolución que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio e Contratación.

**9(783).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4692/2003 INTERPOSTO POR Dª. Mª DEL CARMEN MÍGUEZ TRIGO CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE**

**RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL (RECTIFICADA POR AUTO DE 20.02.06). ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza dd Sala co CA Segunda do Tribunal do TSX, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"RECTIFICAR OS ERROS de que adolece a parte dispositiva da sentenza dictada nestas actuacións con data 30 de setembro de 2005, que quedará redactado como segue: "Estimamos parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora Dª Beatriz Castro Alvarez, en nome e representanción de Dª Maria del Carmen Miguez Trigo, en relación coa resolución do Concello de Vigo de data 27 de xaneiro de 2003 pola que se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial de dita administración contida en escrito de data 10 de xaneiro de 2002 en relación cos danos sofridos pola reclamante no seu vehículo con ocasión de circular pola Avda. de Alcalde Lavadores, e declaramos que o acto recorrido non é conforme a dereito, e o anulamos; e recoñecemos o dereito da recorrente a ser indemnizada pola Administración demandada na cantidade de 924,36 € mailo interese legal desta cantidade dende a data da reclamación administrativa ata a data desta sentenza e, dende ista, os intereses correspondentes de conformidade co disposto na LE . e no ámbito establecido para a Facenda Pública pola Lei Xeral Presupostaria; sen imposición das custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención e Tesourería.

**10(784).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 427/05 INTERPOSTO POR Dª NATIVIDAD TERESA BERMUDEZ GONZÁLEZ CONTRA ACORDO DA X. GOBERNO DESESTIMATORIO DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por NATIVIDAD TERESA BERMUDEZ GONZALEZ, seguido como PA 427/05 fronte ó CONCELLO DE VIGO, contra a desestimación municipal da súa solicitude en concepto de responsabilidade patrimonial, con condena ó CONCELLO DE VIGO a aboarlle á actora a cantidade de 2.108,62 €, á que serán de aplicación os intereses legais dende a data da reclamación formulada pola demandante ante a Administración municipal en data 03.09.2004, sen pronunciamento en materia de cuistas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Tesourería.

**11(785).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RCA Nº 3/05 INTERPOSTO POLA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CONTRA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NA QUE SE DETERMINABAN OS SERVIZOS MÍNIMOS DURANTE A FOLGA CONVOCADA POR CESPA. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola CIG fronte ó CONCELLO DE VIGO, seguido como Proceso Especial para a Protección de Dereitos Fundamentais núm. 03/05, contra o Decreto da Alcaldía Presidencia do Concello de Vigo de data 20.07.05 polo que se determinan os servizos mínimos a manter durante a folga, convocada pola empresa CESPA, concesionaria encargada do servizo público do mantemento e conservación de zonas verdes, que se declara nulo de pleno dereito e se anula por vulnerar o dereito fundamental ó exercizo da folga, previsto no artigo 28 da Constitución Española."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os departamentos de Persoal e Parques e Xardíns.

**12(786).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5595/2002 INTERPOSTO POR D. J. RAMÓN GARCÍA NEGREIRA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. INADMISIBLE O RECURSO.**

Dase conta da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo, Secc. Segunda do TSX, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que desestimando as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debemos declarar e declaramos a inadmisibilidade do presente recurso contencioso-administrativo por concorrir as causas de inadmisibilidade previstas nas letras b e c do artigo 69 da Lei 29/1998 do 13 de xullo da xurisdicción Contencioso-Administrativa."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio e Contratación.

**13(787).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 169/05 INTERPOSTO POR Dª. ELVIRA GARCÍA GARCÍA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de ELVIRA GARCÍA GARCÍA fronte ó Concello de Vigo no PA 169/05 contra a desestimación municipal da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, coa conseguinte condena á Administración demandada a aboarlle a cantidade de 707,69 €, mailos intereses legais dende a data da reclamación o día 03.12.2003, todo isto sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta os departamentos de Patrimonio e Contratación e Intervención-Tesourería.

**14(788).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 275/2005 INTERPOSTO POR CELIA BAQUEIRO CIMA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por CELIA BAQUEIRO CIMA contra a desestimación por silencio negativo da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada pola actora contra o CONCELLO DE VIGO con data 7 de xuño de 2004, no expediente 316/243 Vigo polos danos e prexuizos ocasionados á motocicleta da súa propiedade, matrícula PO-9067-BK, Honda CBR 600, o día 15 de xuño de 2004 cando tras ser inmobilizada na rúa Pablo Iglesias, foi retirada pola grúa municipal para o seu traslado ó depósito municipal; resolución que anulo, ó entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar á actora a suma de 105,94 €, polos prexuizos irrogados á mesma.

Absolvo á entidade ESTACIONAMENTOS E SERVIZOS, das prestacións formuladas fronte á mesma. Sen condena de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación para o seu coñecemento, cumprimento e repetición contra a concesionaria do servizo, causante dos danos.

**15(789).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 110/05 INTERPOSTO POR ALFER AUTO RENT S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de ALFER AUTO RENT, S.L., fronte ó CONCELLO DE VIGO, no Procedemento Abreviado núm. 110/05, contra a Resolución arriba indicada, que declaro conforme á Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Seguridade (circulación).

**16(790).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 347/2005 INTERPOSTO POR D. MARCOS DE MIGUEL OTERO CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por MARCOS DE MIGUEL OTERO contra a Resolución de data 20 de xullo de 2005 dictada polo CONCELLO DE VIGO, no Expte. 311/243, na cal se desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Marcos de Miguel Otero, en nome e representación de Dª Leonor Otero Núñez; resolución que anulo, ó entendela contraria a dereito, condenando á Administración a aboar ó actor, a cantidade de 596, 48 €, mailos intereses legais correspondentes dende a data da reclamación administrativa. Sen condena de custas.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio e Contratación.

**17(791).-SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 351/2005 INTERPOSTO POR Dª. PATRICIA FONTENLA GÓMEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

“Que desestimo en canto ó fondo, o recurso contencioso-administrativo interposto por PATRICIA FONTENLA GOMEZ fronte á desestimación presunta polo Concello de Vigo, do Recurso de Reposición interposto pola recorrente contra a Resolución de 3 de novembro de 2004 do Concelleiro Delegado de Patrimonio do Excmo. Concello de Vigo que inadmitíu a Reclamación

Administrativa por RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL formulada pola mesma; Resolución que modifico, no único sentido de entender admisible a reclamación patrimonial efectuada pola actora; sen que proceda condena ó pago de ningunha cantidade polo Concello de Vigo, ó ser contraria a dereito a pretensión de fondo formulada; sen pronunciamento en materia de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio e Contratación.

**18(792).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 505/05 INTERPOSTO POR D. ABRAHAM TENOIRA REINA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de ABRAHAM TENOIRA REINA fronte ó Concello de Vigo seguido como PA 505/05, contra a deses timación por silencio do recurso de reposición interposto contra a resolución de data 6.09.05 dictado polo Concelleiro Delegado de Seguridade do Concello de Vigo no expediente sancionador número 10.501/104122, pola que se impoñia unha sanción de multa de 45 € por circular cun turismo polo carril reservado ó autobús, que se declara nula, e se deixa sen efecto, con imposición das custas do procedemento á Administración demandada."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Seguridade (circulación).

**19(793).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5638/2002 INTERPOSTO POR D. JUAN DOMÍNGUEZ BARBOSA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, do TSX, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que desestimando as pretensións deducidas no recurso contencioso-administrativo interposto por D. JUAN DOMINGUEZ BARBOSA representado pola Procuradora Dª Concepción Pérez García e defendido polo Letrado D. Francisco Javier López Keller Alvarez contra o acto administrativo impugnado, desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polo recorrente, por ser conforme a dereito; e isto sen facer especial pronunciamento con respecto á imposición das custas.."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio e Contratación.

**20(794).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 499/05 INTERPOSTO POR MERCAGOL S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de MERCAGOL, S.A. fronte ó CONCELLO DE VIGO contra a Resolución do Concelleiro de Seguridade do 28.09.05 desestimatoria do recurso de reposición interposto por MERCAGOL, S.A., contra a dictada no expediente sancionador número 10591023238 pola que se impón á empresa unha sanción de 301 € por considerala autora dunha infracción do artigo 72,3. LSV (falta de identificación do conductor do seu vehículo), que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Tráfico e Seguridade.

**21(795).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 218/06 INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN JUVENIL AREAS CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DENEGATORIA DE SUBVENCIÓN A DITA ASOCIACIÓN. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Que debo desestimar e desestimo integramente a demanda formulada pola Letrada Dª Carmen Vilas Pereira, en nome e representación de ROSINA SAHUQUILLO BALBUENA, actuado como Presidenta da Asociación Xuvenil Areas contra a Resolución da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de data 26 de decembro de 2005, pola que se denegou á Asociación Xuvenil Areas a subvención interesada con arranxo á convocatoria do 25 de xuño do mesmo ano, sen facer expresa imposición de custas."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Xuventude.

**22(796).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 104/2004 INTERPOSTO POR GESTRAVISA S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓN DO IBI, EXERCICIOS 1990-1996. INADMISIBLE O RECURSO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Declaro a inadmisibilidade do recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de GESTRAVISA fronte ó CONCELLO DE VIGO seguido como PO 104/04, por falta de actividade administrativa impugnable, ó se dirixir fronte a un acto de mera execución doutros firmes, sen pronunciamento en materia de custas."

**23(797).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO REC. SÚPLICA Nº 47/05 INTERPOSTO POLA SRA LAGO PEREZ FRONTE AO AUTO DE 24.04.06 QUE ACORDABA A INCOMPETENCIA DE XURISDICCIÓN CONTENCIOSA PARA COÑECER O ASUNTO OBXECTO DO PROCESO. DESESTIMADO.**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que falla o seguinte:

"Non hai lugar á estimación do recurso de súplica interposto pola representación da parte actora por escrito de data 9.05.06 fronte ó Auto de data 24.04.06 dictado nos presentes autos seguidos como PO 47/05 polo que se declaraba a incompetencia desta xurisdicción contenciosa para coñecer do asunto."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

**24(798).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 315/05 INTERPOSTO POR TURVIGO, FERIAS Y CONGRESOS S.A. CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE VIGO RECAÍDA NO EXPTE. 15847/240. AUTO DE DESESTIMENTO.**

Dase conta do auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia que dispón o seguinte:

"Que debía acordar e acordaba ter á procuradora DONA PAZ BARRERAS VAZQUEZ en nome e representación de TURVIGO, FERIAS Y CONCRESOS, SA, por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento."

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

**25(799).- AUTO DO TSXG EN MEDIDAS CAUTELARES 4085/2006, SENDO RECORRENTE O COLEXIO OFICIAL DE APAREXADORES E ARQUITECTOS TÉCNICOS DE PONTEVEDRA, SOLICITANDO A SUSPENSIÓN CAUTELAR DA APLICACIÓN DA "ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE CAPTACIÓN E APROVEITAMENTO DA ENERXÍA SOLAR PARA USOS TÉRMICOS EN EDIFICACIÓNS E INSTALACIÓNS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO". DESESTIMADA A PETICIÓN.**

Dase conta do auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas medidas cautelares de referencia que acorda o seguinte:

"Non haber lugar á adopción da medida caautelar de suspensión da execución do acto recorrido interesada pola parte actora. Non se fai imposición de custas"

A Xunta de Goberno Local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó departamento de Medio Ambiente.

**26(800).- BASES PARA A CONCESIÓN DO I PREMIO Á SOLIDARIEDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16298/301.**

A Xunta de Goberno local retira o expediente da orde do día.

**27(801).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA VENDA DO LIBRO "PANO DE LONA" E FIXACIÓN DO PREZO. EXPTE. 136/338.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director do Arquivo Pacheco, do 9.06.06, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

*Dentro das actividades a desenvolver polo Arquivo Pacheco con motivo da Volta ao Mundo de Vela, estivo a edición do libro "Pano de Lona", proposta realizada no seu momento e que foi acompañada de diversas actividades.*

*A edición do libro encádrase no convenio asinado polo Concello de Vigo e a Fundación Caixa Galicia en data 31 de agosto de 2005, no apartado "Exposicións e actividades divulgativas do Arquivo Pacheco", para o que a Fundación asinou unha cantidade de 12.000 €, e este Concello de Vigo de 18.000 €. Así, foron realizados 1.000 exemplares do mesmo.*

*Os gastos de edición foron realizados a traverso dos contratos de gasto menor, exp. 42/338 a favor de Publitia, por un importe de 11.830 € (factura correspondente ó exp. 82/338), e do pago aos escritores autores participantes no mesmo e do fotógrafo encargado da selección e preparación das fotos (ver relación), a traverso do libramento, exp. 43/338, por un importe de 9.660 €, tamén abonados.*

*Seguidamente, foi comunicado á Agencia Española del ISBN, da Dirección General del Libro, Archivos y Bibliotecas, o importe estimado, resultando 18 € ao que debería ser sumado o 4% de IVE, sendo rexistrado co nº 05/67841 e asinándolle o número de ISBN 84-87637-79-5, recollido no libro.*

*Editado o libro, que contou coa colaboración da Universidade de Vigo, departamento de Traducción para a versión inglesa, foron entregados a tripulacións, autoridades e outros diversos exemplares nos días inmediatos á saída da Volta ao Mundo de Vela, cun carácter divulgativo. Foron destinados 200 exemplares a este efecto.*

*En cumprimento do acordo asinado con Caixa Galicia, fóronlle entregados 400 exemplares, como foi acordado expresamente coa Fundación. Por outra banda, dos exemplares en propiedade do Concello de Vigo, tras das entregas institucionais correspondentes, estímouse oportuno a posta á venda dos catrocentos exemplares que lle corresponden.*

*Para dita posta á venda, de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada, estimados en 18 € mais o 4% de IVE, e segundo foi notificado ó ISBN, solicitouse a Xunta de Goberno Local a venda do mesmo naqueles museos da cidade de Vigo interesados, así como nas dependendencias da Casa das Artes, do Museo Verbum – Casa das Palabras e do Museo Municipal de Vigo Quiñones de León. Dita venda foi aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2006. Nos museos interesados, a entrega dos exemplares para a venda, veu regulada no contrato que se xunta no Anexo I.*

*Neste momento, estímase adecuado amplia-lo campo de venda do citado libro "Pano de Lona" a librerías e a outros museos non pertencentes a esta cidade. Nos museos e librerías interesados, a entrega dos exemplares para a venda, virá regulada no contrato que se xunta no Anexo I*

*Polo exposto,*

*De acordo coa Ordenanza nº 41, "Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación do servicio de subministración de libros, catálogos, cerámicas, e outros artigos destinados á divulgación de actividades realizadas polo Concello", proponse a esa Xunta de Goberno Local :*

- *1º Acorde autoriza-la venda dos 400 exemplares que lle corresponden a este Concello de Vigo, do libro "Pano de Lona", de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada, estimados en 18 € mais o 4% de IVE, e tal e como foi recollido na solicitude do ISBN correspondente.*

- *2º Acorde autoriza-la venda do libro "Pano de Lona", de acordo co contrato adxunto (AnexoI) a asinar polo Concello de Vigo con aquelas librerías e museos interesados nesa venda, e de acordo ás estipulacións contidas no mesmo, polo prezo antedito.*

- *3º Acorde autorizar a D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, para a asinatura deses contratos.*

*Nembargantes, esa Xunta de Goberno Local, acorde o que estime oportuno.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Autorizar a venda dos 400 exemplares que lle corresponden a este Concello de Vigo, do libro "Pano de Lona", de acordo co prezo resultante dos gastos realizados para a cobertura do custo da tirada, estimados en 18 € mais o 4% de IVE, e tal e como foi recollido na solicitude do ISBN correspondente.

2º.- Autorizar a venda do libro "Pano de Lona", de acordo co contrato adxunto (AnexoI) a asinar polo Concello de Vigo con aquelas librerías e museos interesados nesa venda, e de acordo ás estipulacións contidas no mesmo, polo prezo antedito.

3º.- Autorizar a D. Ignacio López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, para a sinatura deses contratos.

**28(802).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA SOCIEDADE CULTURAL, RECREATIVO E DEPORTIVA NAUTILIUS PARA ORGANIZAR UNHA MARCHA CICLISTA POLAS RÚAS DE S. ANDRÉS DE COMESAÑA O DÍA 2.07.06. EXPTE. 6233/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.06.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Sociedade Cultural, Recreativa e Deportiva Nautilius a organizar o vindeiro día 2 de xullo de 2006 unha marcha ciclista por diferentes rúas do barrio de San Andres de Comesaña que está previsto que se desenvolva co percorrido seguinte: saída ás 11:00 h. diante do local social no camiño de Sanín nº 54, camiño de Sanín, Balsa, Casas-Pedra Branca, camiño Rial, Comesaña, estrada Matamá-Pazo, Igrexa, camiño de Sanín e chegada o local social.

**29(803).- RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER NO PROGRAMA BIAL DURANTE O MES DE XUÑO DE 2006. EXPTE. 3779/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.06.06, conformado pola concelleira de dito Servizo, que di o seguinte:

*O pasado día 22/05/06, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3745/077) coas que arrancou a segunda quenda do programa o BIAL , unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Achégase copia da correspondente certificación deste acordo.*

*Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste* ***mes de xuño****, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instruccións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servicios xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.*

*A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 2ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo*

*en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.*

*Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte cordo:*

– *Aprobar a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de xuño.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe acorda:

1º.- Quedar enterada da situación das actuacións do Bial realizadas no mes de maio do ano 2006, que de seguido se detallan:

*INFORME DE SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO BIAL NO MES DE MAIO DO 2006.*

*O equipo técnico do BIAL informa á Xunta de Goberno Local das obras que se están a desenvolver nestes días que corren por parte do BIAL. Ademais, indícanse tamén as obras que se remataron no mes de maio do 2006.*

*Reacondicionamento e pintado de vallas de obra.*

- *Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata o final de ano.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Reacondicionamento das vallas de obra do Concello e posterior pintado das mesmas.*
*Estase a realizar no Parque Central de Servizos do Concello por todas aquelas persoas que non poden realizar outro tipo de tarefas por impedimentos físicos, e as que aisten ao curso de informática.*

*Campaña de D.D.D.*

- *Tempo de execución estimado: dende o 2 de maio ata finais*
- *Descrición das tarefas executadas:*

\- *Desinfección:*
*Salgueira, Mantelas, Polideportivo de Teis, Coruxo, Berbés, Carballal, Calvario, Bombeiros de Teis, Cemiterio de Teis, vestiarios de FCC, pavillóns (Carballal, Coruxo, Berbés), Pavillón Central, Castrelos, Bembrive, Balaídos, Bombeiros de Balaídos, Cemiterio de Pereiró, servizos de Castrelos.*

\- *Desratización:*
*Castelao, Cristo da Victoria, en Avda. de Galicia ( Barrio Vichita, grupo sindical), xardíns do Castro, Pardaíña 135, ambulatorio Bembrive, Avda. Camelias, Dr. Carracido, Porriño, IES. Alvaro Cunqueiro, Finisterre, Romil, Devesa, Troncal.*

\- *Desinsectación:*
*Kiosko Maruxia (Orillamar 3). Cmño da Bouciña 17. García Barbón, Balaídos 19, Via Norte 22, Santa Marta (escola infantil).*

\- *Recollida de aves en:*
*Praza da Princesa, García Barbón, Parque de Castrelos, Carret. Baiona, 1ª travesía Padre Celso nº 25, Canido, Monte dos Pozos,*

\- *Desinfección e desratización:*
*Vigozoo, Zona Franca de Bouzas, Museo del Mar, Zona Franca Balaidos, F.C.C., Gregorio Espino (2), Matamá*

\- *Desinfección e desinsectación:*
*Polideportivo Travesas, Finca da Marquesa (aseos) Policía Balaídos, Bombeiros de Balaídos,*

- *Revisión de escolas públicas.*
- *Inspecciónde zona verde xunto aos novos edificios de Navia.*
- *Tratamento en beirarrúas de sumideiros pluviais e alcantarillao nos distritos 11, 12 e 14.*
- *Revisión ratos:*

*Pi y Margal, Balbarda, Pardaiña, Pardillo, Viveiro do Castro, Rosal,.Purificación Saavedra, Hogar San Francisco, Bembrive, Zoo, Foxos.*

- *DDD en Espiñeiro*

*Limpeza e reapertura de gabias en Lavadores e Cabral.*

- *Tempo de execución estimado: dende o 02 de maio ata o 31 de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Limpeza e desbrozado das dúas gavias, con máquinas desbrozadoras e medios manuais, incluindo a retirada de escombros con camión grúa con culler, e transporte destes ao vertedoiro dos seguintes camiños:*

*Camiño Mancoña, de 400 m de lonxitude.*
*Camiño Cerexeiros, de 200 m de lonxitude.*
*Rúa Carballal: de 640 m de lonxitude.*
*Camiño María Soa: de 400 m de lonxitude.*
*Camiño Gondarisco: de 700 m de lonxitude.*
*Camiño Sanín: de 500 m de lonxitude.*
*Camiño Chamuscada: de 600 m de lonxitude.*

*Esmaltado de farolas no xardín fronte o antigo cuartel de Barreiro.*

- *Duración: 3 de Maio do 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Reparación, aplicación de líquido e imprimación anticorrosivos .e esmaltado de 12 farolas.*

*Acometida de saneamento dos locais da Concellaría de Xuventude, no parque situado ao carón da pista de tráfico no Castro.*

- *Duración: dende o 2 ata o 10 de maio do 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Apertura de gabia en pavimento existente de 80x40x40 cm, con martelo compresor.*
*Apertura de gabia para tubería de 125 ∅, en muro de formigón de 60 cm de espesor.*
*Excavación de gabias, con pala mixta: 21 m. De 40x50 de fondo.*
*Excavación de gabia a mán: 25 m. de 40x50.*
*Instalación de 6 m. de tubo PVC de ∅160 e de 40 m. de tubo PVC de ∅200.*
*Tapado de gabias e compactado.*
*Construción dunha arqueta de 50x50.*

*Aula formación no Parque Central. – Actividade incluida no Plan Formativo*

- *Duración: 2 e 3 de maio.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Acometida a base de dous tubos PVC 30 mm de diámetro. 15 mm.*
*Preinstalacion de 17,50 m de canaletas para instalacion informática, incluindo as caixas de rexistros.*
*Preinstalación de 16 m de lonxitude, de datos e teléfono.*

*Pendente da instalación do cableado, para cando se reciba o mobiliario.*

*Dispensario médico no Parque Central. – Actividade incluida no Plan Formativo*

- *Duración: dende o 2 maio ata o 15 de xuño.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

*Desmontar estantes existentes, traspasar materiais e ferramentas ao novo local de almacén.*
*Marcado de tabiques interiores.*
*Construcción de 45,70 $m^2$ de tabique de ladrillo semimacizo de 25x12x11 cm., recibido con morteiro de cemento e area de río 1/6, incluindo o planeamento, rozas, humedecido das pezas e limpeza.*
*Revestimento dunha parede de 26 $m^2$ con estucado.*
*Construción de 6 piares metálicos (4 de 80x80x4 e 2 de 100x100x4 mm). Base de chapa de 50x50x10 mm, incluindo o armado con 4 D12 mm e formigonado do conxunto.*
*Colocación de vigas de aceiro HEB -100 5 Ud de 6,35 m de lonxitude.*
*Construción de 40 $m^2$ de forxado con base de chapa colaborante de 0,7 mm, mallazo electrosoldado de diámetro 8 mm en cuadrícula de 15x15 cm, armado con negativos, encofrado e apuntalado, vertido e vibrado de capa de formigón HA-25 de 15 cm de espesor.*
*Apertura de oco para ventás en fachada existente con demolición da mesma: 200x101 cm, 80x101m e 400x101 m.*

- *Instalación eléctrica:*
  *Instalación Interior: Colocación de tubos macarrón de 20 mm de diámetro e 150 m de lonxitude, tapado de rozas, colocación de caixas enlazables e tomado das mesmas.*
  *Acometida eléctrica: Instalación de tubo PVC de D40 mm (lonxitude de 21 m), dúas caixas de rexistro 20x15 e instalación 85 m de mangueira de 5x6 mm e 5x10 mm.*
  *Acometida para a detección incendios: Instalación de tubo PVC de D16 mm, dúas caixas de rexistro de 11x11.*

- *Instalación de fontanaría:*
  *Instalación de auga sanitaria. Colocación de 15 m de tubo de cobre de D16 mm e 40 m de D18 mm. Apertura de rozas, colocación de macarrón e tapado das mesmas.*
  *Instalación de desaugadoiros: Instalación de baixada de 6 m de tubería de PVC de D110 mm, incluindo bridas de suxeición a fachada.*
  *Tubo de PVC de 40 mm 5 m.*

*Reparación das gradas do Auditorio do PARQUE de CASTRELOS.*

- *Tempo de execución estimado: 2 maio ata 31 de decembro 2006 (con interrupción nos meses de actuacións festivas).*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Levantar e volver a colocar 10 pedras 60-80 cm.*
*Levantar e colocar 10 pedras (50—70) cm.*
*Levantar 27 pedras (60-80) cm e volver colocalas.*
*Levantar 10 pedras (80-100) cm e volver colocalas.*
*Levantar 22 pedras (50-70) cm e volver colocalas*
*Quitar de capa de terra vexetal e capa de vexetación de entre as gradas de pedra, de 50 cm de ancho medio, nuns tramos de lonxitude total 1.840 m.*
*Arrexuntado de asentos de pedra das gradas, limpando e preparando as xuntas para o seu posterior tomado, total dos tramos 580 m.*

*Remodelación no entorno do Pazo de Castrelos.*

- *Tempo de execución estimado: dende o 2 maio ata o 30 de xuño de 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Realización dunha canalización, de 305 m de lonxitude; apertura e peche de gabia e limpeza e transporte de materiais sobrantes, colocación de canalizacion de de dous tubos de PVC de diámetro 110 e banda de sinalización.*

*Lixado, aplicación de imprimación i esmaltado das reixas situadas a entrada do pazo de dimensions. (6 uds. de 3,50x1,10 m, 4 uds de 1,40x1,10 m e portal (4,50x2,50 m ).*
*Levantar e colocar 10 pedras existentes de 80x40x15 cm, para paso de gabias.*
*Colocación de 8 arquetas prefabricadas de formigón de 50x50x50 cm para paso de instalacións electricas.*

*Reposición de pavimentos nas escaleiras de baixada entre as rúas Martinez Garrido e Portela na Baixada de Rivera Atienza.*

- *Duración: 2 maio ata 7 de xuño 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Construción de 130 uds. de baldosa de formigón armadode dimensións 80x42x8 cm, encofrado dos moldes, armado con mallazo, elaboración e vertido do formigón, pulido da cara vista e aplicación de cor na cara vista.*
*Instalación das 130 uds. de baldosa fabricadas; o que implica o levantamento das baldosas existentes, preparación das bases con xabre, asentamento das pezas, realización do arrexuntado con xabre e remate das xuntas con terra vexetal.*
*Reparación de 97 uds. de baldosa existentes: Levantamento das baldosas existentes, preparación das bases con xabre, asentamento das pezas, realización do arrexuntado con xabre e remate das xunta con terra vexetal.*
*Limpeza de pavimento existente en escaleira de acceso.*

*Beirarrúa en prolongación de Serafín Avendaño.*

- *Tempo de execución estimado: 11 maio ata o 20 de xuño 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Colocación de 11,40 m de bordo de pedra de 25x10 cm, tra-la demolicion de capa de pavimento de asfalto de 30 cm de ancho e excavación de gabia de 30x30x20 cm.*
*Construción de 23,30 m$^2$ de beirarrúa con vertido de capa de formigón de 10 cm de espesor, e de 90 m$^2$ de beirarrúa con formigón fratasado, incluindo a construción de gabia e instalación de acometida a pozo existente con tubo PVC de 200 mm de diámetro.*
*Construción de base de farolas, excavacion de buratos de 50x50x75 cm, encofrado colocación de ancoraxes e posterior formigonado do conxunto, cun total de 4,5 m$^3$ de formigón empregado.*
*Apertura de 135 m de gabia para instalación eléctrica con tubo PVC D 63 mm. Excavacion de gabia de 30x30x20 cm, colocación do tubo PVC de 110 mm de diámetro e recheo co material sobrante.*
*Formación de arqueta sumidoiro de 60x30 cm en formigón, incluindo acometida a pozo existente con tubo de PVC de 200 mm diámetro.*
*Recrecido de tapa de pozo de rexistro de 60 cm de diámetro.*

*Reparación de Pista deportiva en R/ José Gómez Posada Curros.*

- *Duración: dende o 25 ata o 29 de maio ata 2006.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Demolición de 4,00 m$^2$ de pavimento existente e reposición co mesmo material,*
*- Pintura:*
*48 ud. de esmaltado de postes metálicos de cor verde, de 60 mm de diámetro e de 4,00 metro de altura.*
*2 ud. de esmaltado de postes de portas metálicos de cor verde, de 60 mm de diámetro e de 3,00 metro de altura.*
*24 ud. de esmaltado de postes inclinados metálicos de cor verde, de 60 mm de diámetro e de 3,40 metro de altura.*
*Reparación de malla levantada.*

*Pavimentado.*

*ALCABRE.*
*Cño. Castañal.*
*Cño. Viña Grande.*

*CABRAL.*
*Cño. Casal*
*Cño. do Doural*
*Rúa Fontaíña.*

*MATAMÁ.*
*Rúa Abade Juan de Abastos.*
*Rúa Arapucha.*
*Rúa Roupeiro.*
*Cño. Vello a Moo.*

*TEIS.*
*2ª Trav. de Guixar.*
*Trav. Paradela.*

*Bacheo.*

*Portal.*
*Pino, Calexón Ribera, Portela, Lourido, Aparcamento Samil, Campo fútbol Valadares*
*Pascual Veiga, Panasco.*
*Campo de fútbol de Valadares e arredores.*
*Calexón Citroën, Pereiró, Sabarís, Telleira, Campos.*
*Camiño Viño, San Lorenzo.*
*Carret-San Xoan (Valadares).*
*Camiño de Freixo.*
*Corredoira.*
*Fernando Lago Olano, Cesareo A. Vázquez*
*Cataboi, Carreiros*

2º.- Aprobar a programación das novas obras, que de seguido se transcriben, para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de xuño.

*De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar no mes de xuño as seguintes obras:*

- *Canalización de alumeado público na Subida ao Castelo..*

*Esta obra consiste na canalización eléctrica do alumeado público nunha lonxitude de 50 m e a construción de 2 bases de farolas.*
*Tempo estimado de execución: 1 semana.*
*Departamento solicitante: Electromecánicos.*

- *Construción de peana para o busto do Xeneral José G. Artigas.*

*Arendizaxe e construción de peana de pedra para o busto antes mencionado.*
*Tempo estimado de execución: 3 meses.*
*Departamento solicitante: Patrimonio Histórico.*

- *Acondicionamentos diversos en Castro Castriño.*

*Reparación de escaleiras, construción de peldaños a mesma altura, construciópn de rampa polo centro das escaleiras, levantamento de tapas en zona asfaltada e cambio de tubo de pluviais.*
*Tempo estimado de execución: 4 semanas.*
*Departamento solicitante: Vías e Obras.*

- *Instalación de duchas en praias.*
*Construción de bases, fontanaría e instalación das mesmas; así como acondicionamento dos arredores das mesmas se procede.*
*Tempo estimado de execución: 2,5 meses.*
*Departamento solicitante: Medio Ambente.*

- *Pavimentado e bacheo.*
*Pavimentado/asfaltado de: Trv. da rúa Fontaíña (Cabral), Cño. da Sulevada (Cabral), Parque Forestal de Bembrive, rúa Trinitario Otero (Candeán), Subida a Moutá (Teis).*
*Bacheo: Centro da cidade, rúa Pino, Cño. Panasco (Lavadores), rúa Portela (Calvario), Caleixón xunto á E.O.I., rúa Lourido (Navia), avda. Cesáreo Vázquez (Oia), Cño. Milladas (Lavadores), Sárdoma, Moledo.*
*Tempo estimado de execución: o mes de xuño.*
*Departamento solicitante: Vías e Obras.*

**30(804).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS COS NOMES DAS VÍAS PÚBLICAS. EXPTE. 271/234.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Estatística, do 15.06.06, conformado polo concelleiro delegado de Economía e Facenda e co intervido e conforme do Interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á Empresa Vila Producción e Servicios (VIPROSERSA) co CIF A-58479957 a subministración polo procedemento negociado de placas cos nomes das rúas polo prezo unitario de 69,95 € cada unha delas (IVE engadido) cun importe máximo de 29.960 € que se imputarán á partida 5510 221 09 00, do presuposto vixente por ser a opción máis ventasoxa para os intereses municipais.

**31(805).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

| NOME | O.PAGO | IMPORTE | XUSTIFIC. | REINTEG. | S/FAV. |
|---|---|---|---|---|---|
| ALONSO FERRAGUD SANTIAGO | 0614786 | 3.000,00 | 2.177,96 | 822,04 | |
| CASTILLO MARTIN CARMELO DEL | 0605213 | 3.000,00 | 2.993,86 | 6,14 | |
| ESPADA RECAREY LUIS | 0611063 | 1.500,00 | 1.308,83 | 191,17 | |
| “ | 0612658 | 1.000,00 | 677,86 | 322,14 | |
| “ | 0612659 | 1.000,00 | 938,58 | 61,42 | |
| “ | 0612660 | 1.000,00 | 965,78 | 34,22 | |
| “ | 0615865 | 12.000,00 | 12.000,00 | | |
| GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA | 0604290 | 3.294,40 | 3.294,40 | | |
| “ | 0611156 | 76.823,80 | 76.379,26 | 444,54 | |
| RODRIGUEZ LAGOA ELISA | 0603496 | 450,76 | 215,38 | 235,38 | |
| “ | 0604200 | 1.257,00 | 1.016,92 | 240,08 | |
| “ | 0604557 | 1.200,00 | 368,07 | 831,93 | |
| “ | 0604558 | 600,00 | 26,33 | 573,67 | |
| “ | 0604717 | 87,00 | 87,00 | | |
| “ | 0604712 | 37,40 | 37,40 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| “ | 0604707 | 218,80 | 202,25 | 16,55 | |
| ROMO PEREZ VICENTE | 0604669 | 1.000,00 | 0,00 | 1.000,00 | |
| SANLUIS COSTAS AVELINO | 0601346 | 1.000,00 | 973,73 | 26,27 | |
| “ | 0609380 | 4.000,00 | 3.935,80 | 64,20 | |
| “ | 0611074 | 500,00 | 343,70 | 156,30 | |
| “ | 0611072 | 300,00 | 220,31 | 79,69 | |
| “ | 0611997 | 10.000,00 | 8.760,75 | 1.240,65 | 1,40 |
| “ | 0613954 | 10.656,00 | 10.656,00 | | |
| “ | 0619217 | 300,00 | 267,50 | 32,50 | |
| “ | 0619218 | 495,80 | 495,80 | | |
| “ | 0619219 | 495,80 | 495,80 | | |
| “ | 0619221 | 103,37 | 103,37 | | |
| SANROMAN VARELA MARIA JESUS | 0604511 | 1.000,00 | 1.007,80 | | 7,80 |
| “ | 0601248 | 28.000,00 | 27.982,42 | 17,58 | |
| “ | 0604035 | 500,00 | 480,15 | 19,85 | |
| “ | 0611921 | 150,00 | 149,50 | 0,50 | |
| VIEITES ALEN J0SE MANUEL | 0601281 | 6.000,00 | 5.982,71 | 17,29 | |
| TOTAL | | | 164.545,22 | | |

**32(806).-REAPERTURA E FUNCIONAMENTO DO ESTABLECEMENTO PUB CON MÚSICA DENOMINADO “NEMOMANÍA S.L.” SITO NA RÚA ARENAL 20, BAIXO. EXPTE. 3299/306.**

- *La decisión de dejar fuera del proyecto el tramo desde el pk 0+000 hasta el pk 2+400, luego restringido al pk 2+000 (Buenos Aires) debido a temas de geometrización de la vía y enlace del tendido, ya que dicho tramo será objeto de nuevo estudio informativo para su adecuación al entramado urbano de la ciudad de Vigo.*
- *La nueva resolución de la estación de Vigo como pasante, y por tanto, que no es necesaria la construcción del enlace entre el túnel y la línea de Redondela a Porriño.*
- *Se ha determinado atacar el túnel desde el lado Redondela, ya que el punto bajo coincide con dicha lado, y existen menos problemas para el montaje del área de ataque, por tanto en principio se limitan las afecciones al medio durante la fase de obras, en Vigo.*
- *Incluye solo una tuneladora, el túnel es un túnel doble, independiente cada sentido. Lo que significa que se va a tener doblar el tiempo de ejecución del túnel, desmontar la tuneladora en la salida de Vigo, y volver a montarla para el ataque del segundo túnel en el lado Redondela.*
- *Se ha prolongado el falso túnel previsto en la boca del túnel de A Madroa hasta las proximidades de la continuación de Sanjurjo Badia.*

*Propuesta de informe*

*La información remitida al Concello es parcial, y está constituida por:*

- *archivo .pdf con la Memoria sin anejos,*
- *anejos: expropiaciones (no incluye justificación de valoración de predios), servicios afectados por las obras (solo incluye Uni2, Saneamiento, Unión Fenosa, y parcial ya que no incluye planos de distintos servicios afectados), reposición de servidumbres,*
- *planos: solo incluye .pdf de la planta general de la actuación.*

*Por tanto la resolución del informe del Concello de Vigo se debe considerar que se circunscribe solo a dichos aspectos planteados, y tomando como partida la información base disponible.*

*Se plantean por tanto las siguientes cuestiones a raiz de la información suministrada:*

*INFORME.-*

*Remitida a este Concello la documentación siguiente:*

- *archivo .pdf con la Memoria sin anejos,*
- *anejos: expropiaciones (no incluye justificación de valoración de predios), servicios afectados por las obras (solo incluye Uni2, Saneamiento, Unión Fenosa, y parcial ya que no incluye planos de distintos servicios afectados), reposición de servidumbres,*
- *planos: solo incluye .pdf de la planta general de la actuación.*

*, del proyecto constructivo del subtramo Vigo-Maceiras, del eje Atlántico de Alta Velocidad, cabe informar lo que sigue:*

1. *El Impacto medioambiental en el Concello de Vigo parece circunscribirse al área anexa a la boca del túnel, y al necesario desvío de la AP-9 en el tramo inmediato y por encima de la embocadura del túnel ferroviario. El desvío de la AP-9 no parece venir definido en la información facilitada, siendo como es importante en la determinación de las medidas correctoras de impacto, y la determinación de factores de reposición de servicios. Es más la afección del desvío de la AP-9 , y seguramente será bastante mayor que la derivada de la propia construcción de la boca del túnel ferroviario, toda vez que esta es una obra singular y la otra lineal y más cercana a viviendas y servicios urbanos de todo tipo. Dentro de la información facilitada tampoco parece venir determinado expresamente los caminos de obra, ni detallados los itinerarios a realizar por el tráfico de obra, ni las medidas correctoras a implantar sobre dichos recorridos provisionales; quizás en este caso sea determinante, dichas medidas, desde el punto de vista de impacto ambiental.*

2. *La resolución proyectual de la zona pasa por la reposición de caminos y servidumbres, y desvío de servicios. Respecto al desvío y reposición de servicios, tampoco se ha facilitado al menos con el grado de detalle suficiente para poder realizar una revisión técnica al respecto.*

3. *Respecto a la reposición de caminos, y servidumbres, el proyecto genera dos vías laterales y anexas al trazado ferroviario, denominadas como camino 1, y 4 entre las vías y AP-9, y caminos 2 y 3 entre la vía y la Avda. de Galicia. El camino 4 presenta pendientes máximas de hasta el 12,4%, lo cual debería intentar restringirse. Por otra parte las longitudes de las curvas de acuerdo vertical, son exiguas, y deberían adaptarse a las Recomendaciones del Ministerio de Fomento para vías urbanas. Las condiciones de engarce del viario con el preexistente deberían también estar adaptadas a dichas recomendaciones: i.e. del Camino 1 – la visibilidad y las pendientes parecen aconsejar una prolongación del camino en paralelo al camino 1, para resolver la intersección más al norte, y alejándola del paso inferior. Todos los caminos perimetrales deberán disponer de condiciones y acabados "urbanos" y contar con los servicios que determine el Concello de Vigo, mínimamente aceras por una de las márgenes y alumbrado público. El camino 2, 3 forma parte de un vial incluido dentro del PXOM en fase de tramitación, de sección mayor a la considerada: es aconsejable que el Camino 2 se realice con las características de dicho vial, recortando en su caso mediante muretes de pie de talud, la extensión de los taludes de la cubrición del falso túnel, y permitiendo una holgura para aumentar la sección transversal para el camino. Este camino debe quedar expedito y b*

4. *dominio público municipal; por tanto el acceso desde ese camino 2, hacia la plataforma de emergencia debe verificarse junto a las vías ferroviarias.*

5. *Por otro lado se entiende que toda la explanada de cobertura sobre el falso túnel, entre los caminos 2 y 4 será pública, y se conformará como parque público y por tanto será urbanizado conjuntamente con el resto de obras incluidas en proyecto.*

6. *El proyecto debería incluir la ampliación del paso preexistente bajo la línea de ffcc, en el pk 2+680 aprox., toda vez que entre este paso y el pk 3+200 no existe permeabilidad transversal rodada. Las condiciones de la vía sobre-elevada sobre el terreno natural pueden propiciar una solución en viaducto, que mitigue al mínimo el impacto del trazado sobre la ladera de Teis, y garantice en mayor medida la conectividad transversal, siempre comprometida por las condiciones orográficas. Si dicha solución no fuese compatible con la preservación del servicio ferroviario actual, debería concretarse conjuntamente con las el estudio del resto del tramo urbano de Vigo, y por tanto debería incluirse en la solución técnica que se derive del estudio del tramo entre el pk 0+000 y el pk 2+400"*

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**42(816).- APROBACIÓN TÉCNICA DO "PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO-FASE 1ª". EXPTE. 218/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 12.06.06, que di o seguinte:

*O proxecto "MODIFICADO NÚM. 1 DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO – FASE 1", foi redactado por D. SERGIO GONZáLEZ PRADA, Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, en Abril de 2006*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a remodelación de beirarrúas e mellora do tramo urbano na Travesía de Vigo, , asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de (69.325,96 €). SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS VINTECINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS .*

*O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e proponse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Polo exposto <u>sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:</u>*

*Aprobar tecnicamente ou proxecto " MODIFICADO NÚM. 1 DO DE REMODELACIÓN DE BEIIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO – FASE 1", cun orzamento base de licitación de 69.325,96 € (SESENTA E NOVE MIL TRESCENTOS VINTECINCO EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS) .*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**43(817).- APROBACIÓN TÉCNICA DO "COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO-FASE 1ª". EXPTE. 219/443.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 12.06.06, que di o seguinte:

*O proxecto "COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO – FASE 1", foi redactado por D. SERGIO GONZáLEZ PRADA, Enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, en Abril de 2006*

*O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a remodelación de beirarrúas e mellora do tramo urbano na Travesía de Vigo, , asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno.*

*O orzamento base de licitación ascende á cantidade de (147.482,65 €). CENTO CORENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

*O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.*

*A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administración Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e proponse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.*

*Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA:*

*Aprobar tecnicamente o proxecto " COMPLEMENTARIO DO DE REMODELACIÓN DE BEIRARRÚAS E MELLORA DA TRAVESÍA DE VIGO – FASE 1", cun orzamento base de licitación de (147.482,65 €). CENTO CORENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**44(818).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL "CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 1925/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.06.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 20.06.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Interfolc, que se achega no expediente, para a organización do XII Festival Folclórico Internacional "Concello de Vigo".

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 68.000.-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para facer fronte ó estipulado no convenio e que se aboará á Asociación Cultural Interfolc, CIF G-36892271.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN*
*PARA A ORGANIZACIÓN DO "XII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL".*

*Vigo, xullo de 2006.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. EMILIO SOTELINO DOMARCO, NIF 35.940.889-P, PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC, CIF G-36892271, e con enderezo en Vigo, rúa Tomás A. Alonso, núm 29, 5º esq. CP 36208; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que o Concello de Vigo ven levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.*

*2. Que o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN CULTURAL INTERFOLC asinaron dende o ano 95, e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver este festival folclórico, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Dado o interese do anteriormente exposto, o Concello de Vigo e as mencionadas entidades establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a programación, organización e execución do XI FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL "CONCELLO DE VIGO", que se desenvolverá entre os días 14 ao 20 de xullo, ambos inclusive, por cinco barrios da cidade. O día 15 celebrarase o acto central do festival no Centro Cultural Caixanova.*

*SEGUNDA.- O orzamento xeral da programación, organización e execución deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluidos, segundo o detalle que figura no anexo do presente convenio e presentado pola ENTIDADE, ascende a un total de 68.000.-€ que serán aplicados á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio económico.*

*TERCEIRA.- As funcións principais a desenvolver pola ENTIDADE serán fundamentalmente as seguintes:*

1. *Elaborar o programa do XII Festival Folclórico Internacional "Concello de Vigo", e seleccionar os tres grupos folclóricos participantes nel, previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
2. *Coordinar a relación cos barrios participantes no festival.*
3. *Coordinar todo o referente á organización xeral do festival en cada un dos barrios.*
4. *Calquera outra necesaria para o bó desenvolvemento do festival folclórico.*

*CUARTA.- Os espectáculos folclóricos que se desenvolverán en cada barrio serán destinados ó público en xeral, e o acceso ós mesmos será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do recinto onde se celebren.*

*QUINTA.- As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ó Concello de Vigo son as seguintes:*

1. *Participar activamente na organización, realización e execución do festival.*

2. *Velar para que cada barrio beneficiario do festival cumpra os requisitos recollidos nas bases de participación, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 8 de maio de 2006, que figuran no anexo deste convenio, e comunicar de inmediato calquera incidencia ó respecto ó persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
3. *Xestionar directamente todo o referente ós grupos folclóricos participantes no festival.*
4. *Contratar os elementos de megafonía e luces necesarios para o desenvolvemento de todo o festival, así como a súa xestión nos barrios participantes.*
5. *Cumprir o programa obxecto deste convenio segundo o proxecto que figura no anexo.*
6. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente ó correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, con cadeiras, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias para o bo desenvolvemento do festival.*
7. *Asumir tódolos gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa do festival e deste convenio, incluídos os referentes ós dereitos de autor, seguros de responsabilidade civil e calquera outros necesarios para o seu bo desenvolvemento.*

8. *Presentarlle á Concellaría de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos 15 días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos:*

   - *De cada espectáculo folclórico celebrado: datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias.*
   - *Do festival en xeral: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*
9. *Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio.*
10. *Asumir un seguro de accidentes para os integrantes dos tres grupos folclóricos que participen no festival, e que figuran no anexo deste convenio.*
11. *Organizar a recepción oficial ós grupos participantes no festival, que terá lugar o día 18 de xullo.*
12. *Adquisición e entrega de agasallos os grupos participantes.*

*SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo coas citadas entidades son as seguintes:*

1. *Achegar a cantidade de 68.000.-€ para a realización do XII FESTIVAL FOLCLÓRICO INTERNACIONAL “CONCELLO DE VIGO”.*
2. *Xestionar a presencia dos servicios de Protección Civil e Policía Local nos distintos barrios participantes no festival.*
3. *Editar o material gráfico correspondente ó festival (carteis, programas de man e invitacións para o acto central).Calquera actuación publicitaria complementaria con cargo ó orzamento deste convenio deberá contar coa conformidade previa do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*
4. *Xestionar a reserva da residencia para o aloxamento dos grupos folclóricos participantes no festival.*

1\. *Xestionar a reserva do Centro Cultural Caixanova para a celebración do acto central.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presencia do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.*

*OITAVA.- O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:*

1. *Un primeiro pagamento de 34.000.-€ efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0100 01 0000092044 domiciliada en CAIXANOVA, da que é titular a ENTIDADE, <u>o día 14 de xullo,</u> e previa conformidade do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, ó desenvolvemento do festival ata ese momento.*

2. *Un segundo e derradeiro pagamento por un importe total de 34.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, nos cinco días hábiles seguintes á finalización do festival, unha vez*

*recibida a conformidade definitiva co desenvolvemento do festival por parte do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*

*En caso de que acontecese algún tipo de incidencia no referente ás obrigas das entidades asinantes (atraso na chegada dalgún/s grupo/s, non asistencia destos ó festival, etc), o Concello de Vigo realizaría os descontos que correspondan segundo a repercusión da incidencia.*

*NOVENA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.*

*DÉCIMA.- O Concello de Vigo non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles incidencias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e bo desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.*

**45(819).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO XI FESTA DO MEXILÓN. EXPTE. 1937/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20.06.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 20.06.06, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G - 36704666, para a organización *“XI FESTA DO MEXILLÓN”*, que terá lugar o vindeiro día 16 de xullo no Parque de Castrelos, dentro da programación das *“Festas do Cristo da Victoria 2006"* con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispoña un gasto por un importe total de 14.000.-euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF- G - 36704666, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0020 1 6 0040023628 para a organización *“XI FESTA DO MEXILLÓN”*, que terá lugar o vindeiro día 16 de xullo, no Parque de Castrelos, dentro da programación das *“Festas do Cristo da Victoria 2006".*

*PROXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN*
*CONCELLO DE VIGO- FEDERACION DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA ORGANIZACIÓN DA “XI FESTA DO MEXILLÓN”*

*Vigo, xuño de 2006.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF- G - 36704666, con enderezo en Vigo na praza Galegos Ilustres, CP 36203, e en representación desta.*

*MANIFESTAN*

*1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das "Festas do Cristo da Victoria 2006", que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese de apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de productos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón.*

*2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a " Festa do Mexillón", no Parque de Castrelos con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns.*

*3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a tódolos sectores culturais.*

*4. Que dende o ano 96 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización e a realización da "XI FESTA DO MEXILLÓN", o vindeiro día 16 de xullo, na Parque de Castrelos, dentro da programación das "Festas do Cristo da Victoria 2006", que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*

*SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:*

1. *Achegar a cantidade de 14.000.-euros, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
2. *Colaborar coa organización da festa en xestións como a presencia da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
3. *Achegar un total de 500 carteis con motivo da festa, que entregará A ENTIDADE para a súa distribución, cunha natelación mínima de dez días.*
4. *Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2006".*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Asumir todo o concernente á organización da ""XI FESTA DO MEXILLÓN", achegando toda a infraestructura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización desta actividade.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, e comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correcións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
6. *Presentarlle ó Concello a memoria do programa da actividade obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de*

*participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facuras o documentos de valor probatorio equivalente.*

*CUARTA.- O custo total da realización desta actividade, segundo o presuposto presentado pola ENTIDADE, ascende a un importe total de 17.400-euros.*

*QUINTA.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servicios ou productos ofertados alí poderán traer consigo unha aportación económica por parte dos usuarios: billetes, entradas,...*

*Por este motivo, A ENTIDADE propondrá a O CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servicios ou productos, para obte-la conformidade da Concellería de Festas e Animación Cultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ó público.*

*Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figura-los conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (14.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0020 1 6 0040023628 e da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presencia do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolve-las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un so efecto o presente convenio na data que se indica.*

**46(820).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE EL SUEÑO DE MORFEO E ARTISTA CONVIDADO –FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA. EXPTE. 1939/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 21.06.06, conformado polo

concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e co intervido e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto de EL SUEÑO DE MORFEO + artista convidado dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2006, o día 7 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 23,00 horas.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 39.492,20-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa SWEET TOURS S.L.N.E. B-36970812.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo único de 5 euros para cada unha das 4.000 entradas (sen asento) que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE EL SUEÑO DE MORFEO + ARTISTA CONVIDADO*

*Vigo, xullo de 2006.*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. DAVID LAGO LOPEZ, como ADMINISTRADOR da empresa SWEET TOURS S.L.N.E. CIF.: 36970812, , con domicilio C/Churruca, 12- 2-º A CP 36201 ; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista EL SUEÑO DE MORFEO + ARTISTA CONVIDADO , no sucesivo O ARTISTA, o día 7 (sete) de xullo de 2006, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 34.045,00-€ máis ive, o que fai un total de 39.492,20.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D DAVID LAGO LOPEZ, NIF 36.122.709-J, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

<u>*PERMISOS*</u>

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

<u>*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*</u>

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.- entradas, ao prezo único de 5.-€, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 600 invitacións das que entregará á AXENCIA 50.*

<u>*IMAXEN DO ARTISTA*</u>

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

<u>*PUBLICIDADE*</u>

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

<u>*PATROCINIOS*</u>

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da image do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA reсérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 08,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

*INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## *ANEXO TÉCNICO*

### *1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

### *2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 metros do chan do escenario.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)*

*Dimensións: Así mesmo a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 6 metros de fronte, 4 m de fondo e dous nives situados a 0,30 e 0,50 m do chan.*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 Kg/m2.*

*Para cañón de iluminación: torre de 2 m x 2 m, a 2 m do chan.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade. Ademáis facilitaralle á axencia 20 puntuais de obra, extensibles e dunha altura inferior a 1,80 para reforzar algunhas zonas concretas do escenario.*

### *3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral*

*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA de dous camerinos para o artista, un para o equipo técnico e outro para o grupo convidado, todos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, 5 cadeiras, mesas, espellos, 12 toallas grandes, 12 toallas medianas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse toallas grandes, recién lavadas e secas e pastilla de xabón.*

*Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*Ademais proveerá de unha oficiña de produción no "backstage", con mobiliario.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar ó catering seguinte:*

*Agua mineral, refrescos, sandwiches variados, fruta fresca, café, té, leite, pastas e chocolates.*

*Ademáis, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de tres trailers, dos autobúses e tres furgonetas que participen na producción do espectáculo.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producción.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de TRINTA persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners…*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*10 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*
*2 membros: zona de minusválidos.*
*1 membro: cañons*

